

Zona		Localidade		Concello	Centro	
Código	Zona	Código	Localidade		Código	Centro
360489	Vila de Cruces	360592000	Merza	Vila de Cruces	36015937	CEIP de Merza
360489	Vila de Cruces	360592400	Piloño	Vila de Cruces	36012377	CEIP de Cerdeiriñas
360489	Vila de Cruces	360591001	Vila de Cruces	Vila de Cruces	36012183	CEIP Nosa Señora da Piedade
360489	Vila de Cruces	360591001	Vila de Cruces	Vila de Cruces	36020386	IES Marco do Camballón
360490	Vilaboa	360580311	Santa Cristina de Cobres	Vilaboa	36016991	CEP de Riomaíor
360490	Vilaboa	360590417	Vilaboa	Vilaboa	36013588	CPI do Toural
360490	Vilaboa	360590417	Vilaboa	Vilaboa	36024495	CRA de Vilaboa
360507	Vilagarcía de Arousa	360600300	Bamio	Vilagarcía de Arousa	36018896	EEI de Vilar-Bamio
360507	Vilagarcía de Arousa	360600300	Bamio	Vilagarcía de Arousa	36016531	EEI do Pedroso-Bamio
360507	Vilagarcía de Arousa	360600401	Carril, O	Vilagarcía de Arousa	36012584	CEIP Rosalía de Castro
360507	Vilagarcía de Arousa	360600500	Carril, O	Vilagarcía de Arousa	36017004	EEI de Guillán
360507	Vilagarcía de Arousa	360600500	Carril, O	Vilagarcía de Arousa	36016553	EEI de Trabanca
360507	Vilagarcía de Arousa	360600401	Carril, O	Vilagarcía de Arousa	36018380	IES Miguel Ángel Fernández Estévez
360507	Vilagarcía de Arousa	360600914	Rubiáns	Vilagarcía de Arousa	36015263	CEIP de Rubiáns
360507	Vilagarcía de Arousa	360601011	Sobrado	Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor
360507	Vilagarcía de Arousa	360601200	Sobrán	Vilagarcía de Arousa	36012742	CEIP Número 2 Vilaxoán
360507	Vilagarcía de Arousa	360601200	Sobrán	Vilagarcía de Arousa	36016565	EEI de Aralde Sobrán
360507	Vilagarcía de Arousa	360601300	Solobeira	Vilagarcía de Arousa	36012869	CEIP de Solobeira
360507	Vilagarcía de Arousa	360600101	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	36016772	CEE de Vilagarcía de Arousa
360507	Vilagarcía de Arousa	360600101	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	36019451	CEIP A Escardia
360507	Vilagarcía de Arousa	360600101	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	36012407	CEIP A Lomba
360507	Vilagarcía de Arousa	360600101	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	36012419	CEIP Arealonga
360507	Vilagarcía de Arousa	360600101	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	36015652	CEIP O Piñeirño
360507	Vilagarcía de Arousa	360600101	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	36015071	EEI Vagalume
360507	Vilagarcía de Arousa	360600101	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	36012471	IES Castro Alobre
360507	Vilagarcía de Arousa	360600101	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	36013771	IES Fermín Bouza Brey
360519	Vilanova de Arousa	360610100	András	Vilanova de Arousa	36012882	EEI da Gándara
360519	Vilanova de Arousa	360610200	Baión	Vilanova de Arousa	36012985	CEIP de Sestelo-Baión
360519	Vilanova de Arousa	360610300	Caleiro	Vilanova de Arousa	36013023	CEIP de San Roque
360519	Vilanova de Arousa	360610400	Deiro	Vilanova de Arousa	36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro
360519	Vilanova de Arousa	360610510	Illa de Arousa, A	Illa de Arousa, A	36013011	CEIP da Torre-Illa
360519	Vilanova de Arousa	360610510	Illa de Arousa, A	Illa de Arousa, A	36020283	IES da Illa de Arousa
360519	Vilanova de Arousa	360610609	Tremoedo	Vilanova de Arousa	36013096	CEIP de San Bartolomé
360519	Vilanova de Arousa	360610600	Tremoedo	Vilanova de Arousa	36016589	EEI de Tremoedo
360519	Vilanova de Arousa	360610701	Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa	36015792	CEIP Xulio Camba
360519	Vilanova de Arousa	360610701	Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa	36019414	IES A Basella
360519	Vilanova de Arousa	360610701	Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa	36024203	IES Faro das Lúas

Orde do 31 de outubro de 2007 pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de prazas vacantes na Inspección Educativa.

Ao existiren prazas vacantes nas inspeccións de Educación, cuxa provisión se debe facer entre funcionarios dos corpos que a continuación se citan, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dispón convocar concurso de traslados de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Convócanse concursos de traslados, de acordo coas especificacións que se citan nesta orde, para a provisión de prazas vacantes entre funcionarios dos corpos de:

- Inspectores ao servizo da Administración educativa.
- Inspectores de Educación.

Este concurso rexeráse polas seguintes disposicións: Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo; Lei 22/1993, do 29 de decembro; Lei 42/1994, do 30 de decembro; Lei 4/1995, do 23 de marzo; Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, modificado pola Lei 4/1990, do 29 de xuño; Real decreto

2112/1998, do 2 de outubro; Real decreto 2193/1995, do 28 de decembro, modificado polo Real decreto 1573/1996, do 28 de xuño; Lei 4/1988, do 26 de maio, e Decreto 99/2004, do 21 de marzo.

Segunda.-Publicación de prazas.

As vacantes provisionais do concurso publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* antes do día de remate do prazo de solicitudes previsto na base sétima desta convocatoria e as vacantes definitivas antes do remate do prazo establecido na base décimo primeira desta orde.

Ao abeiro desta orde convócanse, ademais das vacantes previstas no momento da convocatoria, as que se produzan por xubilación forzosa por cumprir os 70 anos de idade; as que se produzan pola xubilación voluntaria anticipada prevista na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; as que se produzan, por outras causas, ata o 31 de decembro de 2007, e as que resulten da resolución deste concurso. Todas elas sempre que se correspondan coas prazas cuxo funcionamento estea previsto na planificación xeral educativa.

Terceira.-Participación voluntaria.

Poderán participar con carácter voluntario neste concurso:

1. Funcionarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1.1. Poderán participar voluntariamente ás prazas ofertadas nesta convocatoria, dirixindo a súa instancia á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos termos indicados na base quinta, os funcionarios que se atopen nalgunha das situacións que se indican a continuación:

a) Os funcionarios que se atopen en situación de servizo activo con destino definitivo en prazas de Inspección Educativa dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre e cando, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, tivesen transcorrido no momento da finalización deste curso escolar polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

b) Os funcionarios que se atopen en situación de servizos especiais declarada desde prazas de Inspección Educativa actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre e cando, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, tivesen transcorrido no momento da finalización deste curso escolar polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

c) Os funcionarios que se atopen en situación de excedencia voluntaria declarada desde prazas de Inspección Educativa actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Se se tratase dos supostos de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar recollidos nas letras c) e d) do artigo 29.3º da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nas súas redaccións dadas pola Lei 13/1996, do 30 de decembro, e pola Lei 22/1993, do 29 de decembro, respectivamente, só poderán participar se ao finalizar este curso escolar transcorreran dous anos desde que pasaron a esta situación.

d) Os funcionarios que se atopen en situación de suspensión declarada desde prazas de Inspección Educativa actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que ao finalizar este curso escolar tivese transcorrido o tempo de duración da sanción disciplinaria de suspensión.

Para os efectos previstos neste punto 1.1, entenderase como data de finalización do curso escolar a do 31 de agosto de 2008.

Cuarta.-Participación forzosa.

1. Funcionarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1.1. Están obrigados a participar ás prazas anunciadas nesta convocatoria, dirixindo a súa instancia á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos termos indicados na base quinta, os funcionarios que se atopen nalgunha das situacións que se indican a continuación:

a) Funcionarios que, procedentes da situación de excedencia ou suspensión de funcións con perda do seu destino definitivo, teñan un destino con carácter provisional no ámbito de xestión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con anterioridade á data de publicación desta convocatoria.

No suposto de que participen neste concurso ou non soliciten suficiente número de prazas vacantes, adxudicaráselles libremente destino definitivo en prazas situadas na comunidade autónoma.

De non se lles adxudicar destino definitivo, permanecerán en situación de destino provisional en provincia na que prestasen servizos durante o curso 2007/2008.

b) Os funcionarios que se atopen na situación de excedencia forzosa ou suspensión de funcións con perda da súa praza de destino que, cumprida a sanción, non obtivesen un reingreso provisional e que fosen declarados nestas situacións desde unha praza dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os funcionarios incluídos no parágrafo anterior, no suposto de non participar neste concurso ou se, participando, non solicitasen suficiente número de prazas dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, cando non obteñan destino definitivo, quedarán na situación de excedencia voluntaria, recollida na letra c) do artigo 29. 3º da Lei 30/1984, do 2 de agosto, na súa redacción dada pola Lei 13/1996, do 30 de decembro.

c) Os funcionarios que perdesen o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza, resolución de recurso ou por terles suprimido expresamente a praza que desempeñaban con carácter definitivo.

De conformidade coa disposición adicional sexta do Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, estes funcionarios están obrigados a participar nos concursos de traslados ata que obteñan un destino definitivo.

No suposto de que, debendo participar, non concursen, serán destinados de oficio dentro da comunidade autónoma. Os que, cumprindo coa obriga de concursar, non obtivesen ningún destino dos solicitados durante seis convocatorias, serán adscritos provisionalmente á provincia en que prestaban servizos no momento de se producir a causa que orixinou a perda do seu destino definitivo.

d) Os funcionarios que, con perda de praza que desempeñaban con carácter definitivo, pasaron a prestar servizos noutros postos da Administración mantendo a súa situación de servizo activo no seu corpo, sempre que cesasen e obtivesen un destino provisional en prazas dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Aos profesores incluídos nesta epígrafe que non concursen ou, facéndoo, non soliciten suficiente número de prazas vacantes, adxudicaráselles libremente destino definitivo en prazas situadas na comunidade autónoma.

No caso de non obteren destino definitivo, quedarán en situación de destino provisional na provincia en que prestasen servizos durante o curso 2007/2008.

Quinta.-Forma de participación.

Os concursantes presentarán unha única instancia, segundo modelo oficial, que se atopará á disposición dos interesados nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Á instancia de participación deberánse xuntar os seguintes documentos:

- a) Folla de alegacións e autobaremación dos méritos.
- b) Documentación xustificativa para a valoración dos méritos a que se fai referencia no baremo que aparece como anexo II a esta orde.

Soamente se tomarán en consideración aqueles méritos que, debidamente xustificados, se aleguen durante o prazo de presentación de instancias.

Sexta.-As instancias, orixinal e copia, así como a documentación a que se alude na epígrafe anterior, poderanse presentar nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou en calquera das dependencias ás cales alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En caso de que optasen por presentar a solicitude ante unha oficina de correos, farano en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

A instancia dirixirase á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Todas as fotocopias que se remitan deberán ir acompañadas das dilixencias de compulsa, expedidas polos directores dos centros ou das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Non se admitirá ningunha fotocopia que careza da dilixencia de compulsa.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá requirir do interesado, en calquera momento, a xustificación daqueles méritos alegados que non estean debidamente acreditados.

Sétima.-O prazo de presentación de solicitudes e documentos será o comprendido entre os días 12 e 28 de novembro de 2007, ambos os dous inclusive.

Concluído o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá ningunha instancia, nin modificación ningunha ás peticións formuladas, nin documentación referida aos méritos achegados, así como tampouco renuncias á participación salvo o establecido na base décimo primeira.

Oitava.-Os concursantes, nas instancias de participación, solicitarán as prazas por orde de preferencia, consignando os códigos que se correspondan cos que aparecen no anexo I a esta orde.

En calquera caso, entenderanse solicitadas polos concursantes exactamente a praza ou prazas a que correspondan os códigos consignados nas súas instancias de participación. As peticións cos códigos incompletos, inexistentes ou que non se correspondan con

prazas que poidan ser solicitadas polo participante, serán anuladas. Se a totalidade das peticións resultase anulada por calquera das circunstancias anteriores, o concursante será excluído da adxudicación de destinos, sen prexuízo dos supostos de asignación de destino de oficio previstos nesta convocatoria.

Novena.-Para a avaliación dos méritos alegados e debidamente xustificados polos concursantes, no que se refire aos puntos 1.3 e 2.1 do baremo de puntuacións anexo II a esta orde, a secretaría xeral designará unha comisión ditaminadora que estará formada polos seguintes membros:

Presidencia: o inspector xefe ou inspectora xefa da Inspección Central.

Vogais: catro vogais designados por sorteo entre funcionarios de carreira en activo do corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa e do corpo de inspectores de Educación.

Actuará como secretario/a o vogal de menor antigüidade no corpo, salvo que a comisión acorde determinalo doutro xeito.

Así mesmo, poderá asistir ás comisións ditaminadoras un representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, con voz e sen voto.

Os membros da comisión estará suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes polas restantes epígrafes do baremo de méritos levaraa a efecto a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Décima.-Unha vez recibidas as actas da comisión ditaminadora coas puntuacións asignadas aos concursantes e aprobadas as vacantes provisionais, procederase á adxudicación provisional dos destinos que puidese corresponderlles conforme as peticións dos participantes, as puntuacións obtidas segundo o baremo do anexo II desta orde e o disposto nesta orde.

No caso de que se producisen empates no total de puntuacións, estes resolveranse atendendo sucesivamente á maior puntuación en cada unha das epígrafes do baremo conforme a orde en que aparecen neste. Se persistise o empate, atenderase á puntuación obtida nas distintas subepígrafes pola orde igualmente en que aparecen no baremo. En ambos os casos, a puntuación que se tome en consideración en cada epígrafe non poderá exceder a puntuación máxima establecida para cada unha delas no baremo, nin, no suposto das subepígrafes, a que lle corresponda como máximo ao epígrafe en que se atopen incluídos. Cando, ao aplicar estes criterios, algunha ou algunhas das subepígrafes alcance a máxima puntuación outorgada á epígrafe a que pertence, non se tomarán en consideración as puntuacións do resto de subepígrafes. De resultar necesario, usarase como criterio de desempate o ano en que se convocou o procedemento selectivo a través do cal se ingresou no corpo e a puntuación pola cal resultou seleccionado.

Décimo primeira.-A adxudicación provisional dos destinos a que se alude na base anterior farase pública nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os concursantes poderán presentar reclamacións ás resolucións provisionais, a través do órgano en que presentaron a súa instancia de participación, no prazo de dez días a partir da súa exposición.

Sen prexuízo do parágrafo anterior, os concursantes poderán presentar reclamacións á puntuación outorgada, con anterioridade á resolución provisional do concurso, unha vez que se fagan públicas na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O prazo de renuncias, que será de cinco (5) días hábiles, será establecido na resolución provisional deste concurso. Estas reclamacións ou renuncias presentaranse polos procedementos a que alude a base sexta.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia mesmo no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva. O destino adxudicado na resolución definitiva é irrenunciable.

Décimo segunda.-Resoltas as reclamacións e renuncias a que se refire a base anterior, procederase a ditar a orde pola que se aproba a resolución definitiva deste concurso de traslados. A devandita orde publicárase no *Diario Oficial de Galicia*. As prazas adxudicadas na devandita resolución son irrenunciábeis, e os participantes deberán incorporarse ás prazas obtidas.

Os concursantes que obteñan praza neste concurso estarán obrigados, no prazo de dous anos contados a partir do 1 de setembro de 2008, a superar, polo menos, o certificado de lingua galega 4, agás que acrediten telo superado ou estar en posesión dalgunha das súas validacións ou homologacións.

Para tal fin achegarase coa solicitude a documentación xustificativa correspondente.

Décimo terceira.-Se quedasen vacantes sen cubrir dun sector determinado, os centros pertencentes a ese sector serán atendidos polos inspectores destinados noutro sector da mesma sede, que determine o delegado provincial, que tivesen menor puntuación neste curso de traslados.

Décimo cuarta.-Os funcionarios excedentes que reingresen ao servizo activo como consecuencia do concurso presentarán, ante a delegación provincial da cal dependa a praza obtida mediante o concurso de traslados, declaración xurada ou promesa de non estar separado de ningún corpo ou escala da Administración do Estado, das comunidades autónomas ou da local, en virtude de expediente disciplinario, e de non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Décimo quinta.-A toma de posesión nos novos destinos que se obteñan de acordo co disposto nesta orde terá lugar o 1 de setembro de 2008.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

15990026C	150300001	DEP Inspección da Coruña	Coruña,A
15990027C	150360001	DEP Inspección de Ferrol	Ferrol
15990028C	150780001	DEP Inspección de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
27990031C	270282701	DEP Inspección de Lugo	Lugo
32990034C	320541201	DEP Inspección de Ourense	Ourense
36990037C	360381301	DEP Inspección de Pontevedra	Pontevedra
36990038C	360573101	DEP Inspección de Vigo	Vigo

ANEXO II

Baremo de prioridades ao cal se deberán axustar as convocatorias de concurso de traslados de ámbito nacional no corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa e corpo de inspectores de Educación:

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos (1)
1.1. Antigüidade (ver disposición complementaria primeira).		
1.1.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como funcionario de carreira no corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa ou no corpo de inspectores de Educación. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,16 puntos por mes completo. Para os efectos de determinar a antigüidade no corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa e no corpo de inspectores de Educación, recoñeceranse, respectivamente, os servizos efectivos prestados como funcionarios de carreira nos corpos de inspectores de procedencia e os prestados desde a data de acceso como docentes á función inspectora de conformidade coa disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.	2 puntos.	Título administrativo con dilixencias das distintas tomas de posesión e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira desde o corpo desde o cal concursa e, se é o caso, dos servizos prestados na función inspectora de conformidade coa disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984.
1.1.2. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como funcionario de carreira noutros corpos ou escalas docentes a que se refire a LOE. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,083 puntos por mes completo.	1 punto.	Título administrativo con dilixencias das distintas tomas de posesión e cesamentos que tivesen desde o seu nomeamento como funcionario de carreira desde o corpo desde o cal concursa e, se é o caso, dos servizos prestados na función inspectora de conformidade coa disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984.

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos (1)
1.1.3. Por cada ano de permanencia ininterrompida como funcionario con destino definitivo no mesmo cadro de persoal provincial ou, se é o caso, das unidades territoriais en que estea organizada a Inspección Educativa.		Título administrativo con dilixencia da posesión ou, se é o caso, do correspondente documento de inscrición nos rexistros de persoal.
-Polo primeiro e segundo ano.	2 puntos por ano.	
-Polo terceiro ano	3 puntos.	
-Polo cuarto e quinto ano.	4 puntos por ano.	
-Polo sexto ano e seguintes.	5 puntos.	
Para os funcionarios obrigados a concursar por teren perdido o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, por proviren da situación da excedencia forzosa ou, se é o caso, por supresión expresa con carácter definitivo da súa praza, a puntuación por esta epígrafe será a correspondente á praza que perderon, á cal se acumularán os servizos con destino provisional que tivesen prestado posteriormente.		
Igualmente, os mesmos criterios serán de aplicación aos funcionarios que participen desde o destino adxudicado en cumprimento da sanción disciplinaria de traslado con cambio de residencia.		
1.1.4. Os funcionarios de carreira en expectativa de destino e os que, participando por primeira vez con carácter voluntario, opten na súa solicitude pola puntuación correspondente a esta epígrafe en substitución da correspondente á epígrafe 1.1.3. Por cada ano de servizo.	1 punto.	Título administrativo con dilixencias das distintas tomas de posesión e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2. Méritos académicos. Máx. 10 puntos.		
1.2.1. Doutoramento e premios extraordinarios: * Por ter obtido o título de doutor na titulación alegada para ingreso no corpo desde o cal se concursa, ou para o acceso no seu día aos postos de Inspección Educativa.	5 puntos.	Título alegado para ingreso no corpo ou o alegado no seu momento para a súa adscrición á función inspectora, ou ben certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na Orde do 8 de xullo de 1983 (BOE do 13 de xullo).
* Por premio extraordinario no doutoramento da titulación alegada para ingreso no corpo desde o cal se concursa, ou para o acceso no seu día aos postos de Inspección Educativa.	1 punto.	Documento xustificativo.
* Por premio extraordinario na titulación alegada para ingreso no corpo desde o cal se concursa, ou para o acceso no seu día aos postos de Inspección Educativa.	0,50 puntos.	Documento xustificativo.
-Polo título de doutor noutras licenciaturas.	3 puntos.	Documento xustificativo.
-Polo premio extraordinario noutro doutoramento.	0,50 puntos.	Documento xustificativo.
-Polo premio extraordinario noutras licenciaturas.	0,25 puntos.	Documento xustificativo.
1.2.2. Outras titulacións universitarias. A posesión de titulacións que figuren no catálogo oficial, no caso de que non se alegasen como requisito para o ingreso no corpo desde o cal se participa, valoraranse da forma seguinte:		Título alegado para o seu ingreso no corpo e os títulos que se posúan e se presenten como méritos ou, de ser o caso, certificados do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na Orde ministerial do 8 de xullo de 1983 (BOE do 13 de xullo). No caso de estudos correspondentes aos primeiros ciclos, certificacións académicas nas cales se acredite a superación deles.
Por cada licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou títulos declarados, para todos os efectos, legalmente equivalentes.	3 puntos.	
Por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría. Non serán baremables aqueles estudos empregados para obter o título alegado para o ingreso ou algún dos títulos baremados na epígrafe anterior.	3 puntos.	
1.2.3. Titulacións de ensinanzas de réxime especial. As titulacións das ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas e conservatorios de música ou danza valoraranse da forma seguinte:		Título expedido polo organismo correspondente, certificados do aboamento dos dereitos de expedición ou certificación acreditativa de ter desenvolvido os estudos conducentes á súa obtención.
-Música e danza: grao medio.	1 punto.	
-Escolas oficiais de idiomas: Ciclo elemental: Ciclo superior: A posesión do certificado de aptitude da escola oficial de idiomas engloba os dous ciclos. Unicamente se terán en conta para os efectos da súa valoración os títulos con validez oficial no Estado español.	1 punto. 1 punto.	
1.3. Formación e perfeccionamento. Máx. 5 puntos.		
1.3.1. Por cursos superados relacionados coa función docente e inspectora, organizados polo Ministerio de Educación e Ciencia, polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro, que fosen homologados ou recoñecidos polas ditas administracións, así como os organizados polas universidades.-Puntuarase 0,10 puntos por cada 10 horas de curso superado acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todos os cursos e non se puntuará o resto do número de horas inferiores a 10. Cando os cursos viñesen expresados en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	Ata 4 puntos.	Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos (1)
1.3.2. Por participar na dirección ou execución de programas educativos ou impartición de cursos de perfeccionamento convocados e/ou autorizados polo Ministerio de Educación e Ciencia e polas administracións educativas das comunidades autónomas.	Ata 1 punto.	Certificado ou informe da dirección xeral correspondente, ou da dirección provincial respectiva.
2. Outros méritos. Máx. 20 puntos.		
2.1. Publicacións. Por publicacións de carácter didáctico ou científico directamente relacionadas co ensino. Aqueles publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o editor delas. No caso de publicación que só se dea en formato electrónico, presentárase un informe oficial en que o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indicárase a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.	Ata 5 puntos.	Os exemplares correspondentes.
2.2.1. Por cada ano de servizo en postos de subdirector xeral da Inspección Educativa, inspector xeral ou inspector xefe da Inspección Central de Educación Básica, de Bacharelato ou Ensino Medio do Estado, coordinador xeral de Formación Profesional, ou en postos equivalentes dependentes das administracións educativas convocantes. As fraccións de ano computáranse a razón de 0,125 puntos por mes completo.	1,5 puntos.	Acordo do nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento e, de ser o caso, certificación en que conste que se continúa no cargo.
2.2.2. Por cada ano de servizo en postos de inspector central, inspector central de Educación Básica, Bacharelato, ou Ensino Medio do Estado, ou coordinador central de Formación Profesional, secretario ou administrador da Inspección Central, inspector da Subdirección Xeral da Inspección de Educación, ou en postos equivalentes dependentes das administracións educativas convocantes. As fraccións de ano computáranse a razón de 0,083 puntos por mes completo.	1 punto.	Acordo do nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento e, de ser o caso, certificación en que conste que se continúa no cargo.
2.2.3. Por cada ano de servizo en postos de inspector xefe provincial de Educación Básica ou inspector xefe de distrito de Bacharelato ou Ensino Medio do Estado ou coordinador xefe provincial de Formación Profesional, ou xefe de Servizo Provincial de Inspección Técnica de Educación, xefe de División, ou en postos equivalentes dependentes das administracións educativas convocantes. As fraccións de ano computáranse a razón de 0,062 puntos por mes completo.	0,75 puntos.	Acordo do nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento e, de ser o caso, certificación en que conste que se continúa no cargo.
2.2.4. Por cada ano como inspector xefe de distrito, xefe adxunto, coordinador de equipos sectorial, coordinador de demarcación, ou en postos equivalentes dependentes das administracións educativas convocantes. As fraccións de ano computáranse a razón de 0,041 puntos por mes completo.	0,5 puntos.	Acordo do nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento e, de ser o caso, certificación en que conste que se continúa no cargo.
2.2.5. Por cada ano de servizos desempeñando postos na Administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo cal participa, sempre que estes sexan distintos dos enumerados nas epígrafes 2.2.1 ao 2.2.4 deste anexo. As fraccións de ano computáranse a razón de 0,062 puntos por mes completo.	0,75 puntos.	Documento xustificativo do nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que se continúa no cargo.
2.3. Por ter adquirida a condición de catedrático nalgún dos corpos docentes.	3 puntos.	Título administrativo ou credencial ou, se é o caso, no boletín ou diario oficial en que apareza o nomeamento.

(1) As convocatorias poderán determinar que a acreditación dalgúns dos méritos se faga mediante os documentos xustificativos que, para tal efecto, se establezan nestas, ou sexan incorporados de oficio pola Administración convocante, cando así conste nos seus rexistros.

Disposicións complementarias

Primeira.-Valoración da antigüidade.

1. Para os efectos da epígrafe 1.1 do baremo, computárase este curso académico como curso completo. Os servizos aludidos nas epígrafes 1.1.2 non serán tidos en conta nos anos en que fosen simultáneos cos servizos das epígrafes 1.1.1, 1.1.3 ou 1.1.4.

Para os efectos previstos nas epígrafes 1.1.1 e 1.1.3, serán computados os servizos que se tivesen prestado en situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales nas epígrafes previstas no artigo 29.2º da Lei 30/1984, do 2 de agosto, así como as situacións de idéntica natureza establecida por disposicións anteriores á Lei 30/1984, do 2 de agosto.

Igualmente serán computados, para estes efectos, o primeiro ano de excedencia por coidado de familiares declarada de acordo coa Lei 39/1999, do 5 de novembro.

Segunda.-Funcionarios de carreira que participan por primeira vez con carácter voluntario.

Estes funcionarios poderán optar, indicándoo na súa instancia de participación, pola puntuación correspondente á epígrafe 1.1.3 deste baremo ou pola súa epígrafe 1.1.4.

No caso de exercer a opción pola epígrafe 1.1.4, puntuaráselle por esta epígrafe, ademais dos anos de servizo prestados como funcionario de carreira en expectativa de destino, os que prestasen no posto des-de o cal participan con destino definitivo.

No suposto de non manifestar ningunha opción na instancia de participación, entenderase que optan pola puntuación correspondente á epígrafe 1.1.3.

Terceira.-Para os efectos previstos na subepígrafe 2.2.5, non serán tidos en conta cando sexan simultáneos a calquera outra subepígrafe da epígrafe 2.2.

Cuarta.-Valoración do traballo desenvolvido.

Só se valorará o desempeñado/exercido como funcionario de carreira.

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO ONCE DE VIGO

Edicto (602/2006-F).

Cédula de notificación.

Eu, Ángel Gómez Santos, secretario en substitución do Xulgado de Primeira Instancia número once de Vigo, dou fe e certifico que nos autos de xuízo ordinario número 602/2006 que se seguen neste xulgado, recaeu sentenza con data do 14 de xuño de 2007 cuxo encabezamento e resolución son do teor literal seguinte:

Eugenio-Francisco Míguez Tabarés, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia nº 11 dos de Vigo, viu os autos sinalados co número 602/2006-F, seguidos polos trámites do xuízo ordinario por instancia da entidade *Unión Financiera Asturiana, S.A.*, representada polo procurador José Marquina Vázquez e asistida do letrado Alfredo Prieto Valiente, contra José Luis Caldas Rodríguez, e dita o seguinte:

Resolvo que, estimando a demanda interposta polo procurador José Marquina Vázquez, en nome e representación da entidade *Unión Financiera Asturiana, S.A.*, debo condenar e condeno a José Luis Caldas Rodríguez a lle pagar á entidade demandante a suma de catro mil noventa euros con cincuenta e seis céntimos (4.090,56 euros), así como os xuros legais devengados desde a data da interposición da demanda e as custas procesuais causadas.

Contra esta resolución cabe interpor recurso de apelación ante a Audiencia Provincial de Pontevedra, que se poderá preparar mediante escrito ante este xulgado no prazo de cinco días na forma establecida no artigo 457 da LAC.

Únase esta resolución ao libro da súa clase, deixando nos autos testemuño dela.

E como consecuencia do ignorado paradoiro de José Luis Caldas Rodríguez, expídese este edicto para que sirva de cédula de notificación.

Vigo, 15 de xuño de 2007.

O secretario
Rubricado

XULGADO DO MERCANTIL NÚMERO UN DA CORUÑA

Edicto (467/2007).

Domingo Villafáñez García, secretario xudicial do Xulgado do Mercantil número un da Coruña, dou fe e certifico que nos autos de procedemento de execución 467/2007-mc, seguidos neste xulgado a instancia da entidade *Giralt Textil, S.A.* fronte a José María Vázquez Varela ditouse o seguinte auto:

«Dilixencia de presentación.

A Coruña, vinte e un de setembro de dous mil sete. Esténdoa eu, secretario xudicial, para facer constar que a procuradora sra. Villar Pispieiro, en nome e representación da entidade *Giralt Textil, S.L.*, presentou escrito no cal solicitaba execución de sentenza do procedemento ordinario nº 226/06-mc, do que paso a dar conta, dou fe.

Auto.

Xuíz/maxistrado-xuíz: Pablo González Carrero Fojón.

A Coruña, un de xuño de dous mil sete. Dada conta; por presentado o anterior escrito de demanda de execución cos seus documentos e copias, fórmense autos que se rexistrarán nos libros correspondentes. Tense por presentada e parte a procuradora sra. Villar Pispieiro, en nome e representación da entidade *Giralt Textil, S.A.*, con quen se entenderán as sucesivas dilixencias no modo e forma previstos na lei.

Antecedentes de feito.

Primeiro.-A procuradora sra. Villar Pispieiro, en nome e representación da entidade *Giralt Textil, S.A.*, presentou demanda inicial de procedemento ordinario dirixida fronte á entidade José María Vázquez Varela, admitida e tramitada polas normas establecidas para os procedementos ordinarios co nº 226/06, o cal terminou con sentenza estimatoria, hoxe firme.

Segundo.-A procuradora indicada presentou demanda executiva na cal solicitaba a execución da sentenza, pola cantidade de 11.839,12 euros de principal e 3.550 euros para xuros e custas, sen prexuízo de ulterior regulación.